

O Corgo, 12 de maio de 2022.- O alcalde, Felipe Labrada Reiña.

R. 1247

Anuncio

CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS DE PAGO ÚNICO ANUAL PARA O FOMENTO DA NATALIDADE NO CONCELLO DO CORGO – ANO 2021

O Pleno do concello, na súa sesión do 20 de novembro de 2020, aprobou inicialmente a ordenanza pola que se regula a concesión de axudas económicas de pago único anual para o fomento da natalidade no Concello do Corgo. A citada ordenanza, estivo exposta ao público durante un prazo de 30 días, non producíndose durante este prazo ningunha reclamación. En consecuencia, a ordenanza quedou aprobada definitivamente, publicándose o seu texto íntegro no **BOP de LUGO Nº 68, do 25 de marzo de 2021**.

O alcalde, por Resolución da Alcaldía do 5 de maio de 2022 **aprobou a convocatoria das citadas axudas para o ano 2021, é dicir, para os nacementos ou adopcións producidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021.**

En consecuencia, **ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).** O procedemento de solicitudes e outorgamento desta prestación rexerese pola Ordenanza Reguladora de axudas económicas de pago único anual para o fomento da natalidade no Concello do Corgo publicada no BOP antes citado **Nº 68, do 25 de marzo de 2021**.

O Corgo, 5 de maio de 2022.- O alcalde, Felipe Labrada Reiña.

R. 1248

FOZ

Anuncio

Oferta de emprego público.

Pola Alcaldía do Concello de Foz aprobouse a Oferta de Emprego Público en virtude da Taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 e convocatoria excepcional prevista na disposición adicional sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, recollendo as seguintes prazas:

PRAZAS OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO.

PROCESO DE ESTABILIZACIÓN PRAZAS LABORAIS (ACCESO LIBRE. SISTEMA SELECTIVO CONCURSO-OPOSICIÓN. APLICACIÓN TAXA ADICIONAL ESTABILIZACIÓN ARTIGO 2 LEI 20/2021)

DENOMINACIÓN	TOTAL	GRUPO	OBSERVACIÓNS-CORRESPONDENCIA POSTOS RPT
COORDINADOR DE SERVIZOS MÚLTIPLES	1	V	4021
OFICIAL MECÁNICO	1	V	4025
LIMPIADOR	1	V	4019
OPERARIO	1	V	4059

PROCESO DE ESTABILIZACIÓN PRAZAS FUNCIONARIOS (ACCESO LIBRE. SISTEMA SELECTIVO CONCURSO. APLICACIÓN CONVOCATORIA EXCEPCIONAL ESTABILIZACIÓN EMPREGO TEMPORAL LONGA DURACIÓN. DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E OITAVA LEI 20/2021)

DENOMINACIÓN	TOTAL	CLASIFICACIÓN	GRUPO	OBSERVACIÓNSCORRESPONDENCIA POSTOS RPT
ADL TÉCNICO DE XESTIÓN	1	ESC. ADM. XER. SUB. DE XESTIÓN,	A2	1002